



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E MAIS O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE ATENCIÓN PROFESIONAL A VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de Xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero.

No ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, contribúan a avanzar na erradicación da violencia sexual, tal e como recollen os informes para o pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero aprobados polo Congreso dos Deputados e o Senado no ano 2017, e que conteñen un conxunto de propostas para previr e combater este tipo de violencia, mellorando a resposta que dan as Institucións.

Antecedentes: O 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscrición dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluían un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.





A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, recollendo no artigo 15 a necesidade de que a Xunta de Galicia garanta e promova a formación en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero, e en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, dos educativos, das Forzas e Corpos de Seguridade e das operadoras e dos operadores xurídicos

O 19 de maio de 2021 a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Consellería de Emprego e Igualdade (actual Consellería de Política Social e Igualdade) asinaron un acordo de colaboración para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se refiran a reforzar a asistencia xurídica ás mulleres vítimas de xénero, incluíndo ás vítimas de violencia sexual no acceso á asistencia xurídica gratuíta, antes e durante o procedemento xudicial, así como a ampliar a formación especializada de avogados/as e procuradores/as. Tal liña de colaboración foi ratificada o 12 de abril de 2024, con un novo acordo entre ambas Consellerías para soste o desenvolvemento das medidas mencionadas e incidir na mellora da atención a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, trata ou explotación sexual.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024. O carácter singular do presente convenio vén determinado por razóns de interese público. Neste sentido, cómpre sinalar que anualmente se incoan na nosa Comunidade Autónoma máis de 1.600 delitos contra a liberdade sexual, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar as súas vítimas, neste caso a través de accións especializadas por profesionais do ámbito xurídico. Tal incuestionable interese público leva á Xunta de Galicia a establecer a presente colaboración cuxa finalidade é procurar o establecemento dun sistema integral de atención ás mulleres vítimas de violencia sexual, que comprenda o asesoramento xurídico e orientación iniciais, a información xurídica ás mulleres vítimas de delitos sexuais sobre o desenvolvemento do proceso e maneira de exercitar os diferentes dereitos, a asistencia legal na práctica das primeiras dilixencias, así como para a interposición da denuncia, se for o caso, e, en definitiva, un primeiro acompañamento legal ante os órganos correspondentes policiais ou xurisdiccional sen que implique o exercicio da acción penal no procedemento xudicial, sendo por isto necesario que, da mesma maneira que se forma aos e ás profesionais da avogacía integrantes da quenda de oficio, estes contan tamén cunha formación específica en relación cos delitos contra a liberdade sexual que sufran as mulleres polo mero feito de selo.





O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Política Social e Igualdade e o Consello da Avogacía Galega para a posta en marcha de accións dirixidas á atención xurídica a mulleres vítimas de violencia sexual, de maneira tal que a muller dispoña sempre dun avogado especializado en delitos contra a liberdade sexual que a asista en relación coa denuncia e asesoramento xurídico e acompañamento iniciais, con independencia de que a vítima teña ou non recursos para litigar.

Fundamentos: A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral Contra a Violencia de Xénero, indica no seu Preámbulo que os poderes públicos non poden ser alleos á violencia de xénero, que constitúe un dos ataques máis flagrantes a dereitos fundamentais proclamados na nosa Constitución, como a liberdade, a igualdade, a vida, a seguridade e a non discriminación. Neste sentido, o Consello de Ministros na Declaración contra a violencia contra a muller aprobada en 2017, destacou que se trata dun problema de toda a sociedade e é toda a sociedade quen ten que involucrarse na procura de solucións eficaces para previla, protexer ás vítimas e rexeitar aos maltratadores, destacando que a erradicación da violencia de xénero require o traballo conxunto, coordinado e en colaboración de todas as institucións, administracións e organizacións da sociedade civil. O documento refundido de medidas do pacto de Estado en materia de violencia de xénero contén un conxunto de propostas para promover o desenvolvemento de programas integrais de atención á violencia sexual en todo o territorio, en colaboración coas comunidades autónomas e respectando as competencias destas.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, configura, no artigo 3, as formas de violencia machista dun xeito máis amplo ca o recollido na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, na medida en que esta se refire á exercida sobre as mulleres polos homes que son ou foron os seus cónxuxes ou que están ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, mentres que a lei galega abrangue calquera acto violento ou agresión dentro dunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres, coma, entre outras, a violencia sexual e abusos sexuais, o acoso sexual ou o tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación, así como calquera outra forma de violencia recolleita nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade.

Financiamento: A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asumirá os custos que xere a execución das actuacións obxecto do presente Convenio con cargo á aplicación orzamentaria **35.03.131A.481.0** (código de proxecto **2018 00112**), empregando o remanente que xa se derivou de programas financiados con fondos do Pacto de Estado, ata un máximo de *cento trinta mil euros* (**130.000,00 €**).





Compensarase ao Consello da Avogacía Galega con cento oitenta euros (180,00 €) pola atención xurídica á cada vítima. Para estes efectos, o Consello da Avogacía Galega, xunto coa documentación que achegue para a xustificación da execución do Convenio, presentará tamén un informe detallado onde se recollan todas as atencións xurídicas realizadas, que inclúen, entre outras: o asesoramento xurídico e orientación iniciais; a asistencia legal na práctica das primeiras dilixencias e na interposición da denuncia, se for o caso; así como o acompañamento legal inicial ante o órgano policial ou xurisdiccional.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

